

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso na resolución dun recurso de alzada promovido nun procedemento de dependencia

Expediente: G.6.Q/16369/17

Relacionado co G.6.Q/23593/15

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de ■ relativo ao retraso na resolución dun recurso de alzada promovido nun procedemento de dependencia.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que anteriormente promovera a queixa citada. Nela sinalaba que non recibira resposta ao recurso de alzada de 7-8-2015 contra a resolución da consellería de 10 de xuño de 2015 nun procedemento de dependencia (VI...).

Confirmouse o exposto na queixa, que a consellería aínda non resolvera o recurso administrativo, a pesar de que o prazo xa vencera.

Indicamos que os recursos deben resolverse no prazo de 3 meses, de acordo co previsto no art. 115.2 da Lei 30/1992, e non pode xustificarse a falta de resolución expresa nin na acumulación deles nin nas previsións de silencio negativo ao respecto (tamén art. 115.2 da Lei 30/1992). O transcurso do prazo e as previsións respecto das consecuencias do silencio só pode entenderse como unha garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Polo tanto, permanece a obriga de resolución (art. 42.1 da Lei 30/1992).

Polo anterior requirimos outro informe á Consellería de Política Social, que nolo remitiu. Á vista da resposta puxémonos en comunicación coa consellería, que comprometeuse a resolver o mais axiña posible.

2. O reclamante indica que non resolveuse, polo que requirimos informe urxente da consellería.

3. Respondeu que "... os recursos administrativos estanse a resolver por estrita orde de entrada en base ao regulado no artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas. No artigo 122.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, establécese que o prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de 3 meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderá entenderse desestimado o recurso (...); sen prexuízo da obriga da Administración de resolver expresamente. Como xa se ten informado anteriormente, no o caso dos recursos de alzada formulados contra os actos expresos ou presuntos, nos expedientes de recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na comunidade autónoma de Galicia, o volume de xestión non permite resolver coa axilidade necesaria. O seu recurso de alzada atópase actualmente pendente da elaboración da proposta de resolución pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade".

ANÁLISE

1. Co informado confírmase a queixa; o recurso promoveuse o 7-8-15, hai case dous anos, e segue sen resolveuse. O prazo para a resolución venceu hai tempo; é de 3 meses (art. 122.2 da Lei 39/2015). Nin tan sequera se aporta unha data aproximada, a pesar de que na anterior queixa a consellería comprometérase a resolver o mais axiña posible.

2. A falta de resolución expresa non pode xustificarse nas previsións do silencio negativo (mesmo artigo). As consecuencias do silencio só poden entenderse como garantía para o cidadán afectado polo atraso, que nese caso escollerá entre acudir á xurisdición contenciosa-administrativa en contra da resolución presunta ou esperar o cumprimento da obriga da administración de resolver. Polo tanto, en ningún caso a administración pode alegar esta circunstancia como escusa ou atenuante da súa abstención, ao permanecer a súa obriga de resolución.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se resolva o recurso de alzada, que se atopa retrasado de acordo co prazo legalmente previsto.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo